



FRANCISCO SUÁREZ FERNÁNDEZ (AGOSTO DE 1994)

ILMOS. SRES. ALCALDE Y DELEGADO MUNICIPAL DE CULTURA.-

Amigas, amigos. Queridos todos:

Gracias, muchísimas gracias Sr. Alcalde, por esas palabras tan bonitas y dadivosas en las que gentileza y generosidad aparecen derramadas a manos llenas. Pero, a fuerza de ser sincero, he de decir que resultan injustas y no en escasa medida.

Siempre me he esforzado en ser leal con todo el mundo y en primer lugar conmigo mismo, y dejaría de serlo si inmediatamente no sentara una verdad de tamaño de catedral. Mirad: Yo soy exactamente un hombre del montón que cuanto más miro hacia mi interior más del montón me encuentro. Es decir, que a mi me va a las mil maravillas aquella especie de jaculatoria oriental que afirma: "Soy un pobre gusano de la tierra". Así y todo, quede aquí testimonio de mi infinito agradecimiento por tan benevolente juicio, olvidando cuanto en él hay de injusto.

Y vamos a lo que vengo, y diré seguidamente que por ser la nuestra una comunidad bilingüe en la que corrientemente se habla en gallego -que es nuestro propio idioma-



o en español -que también lo es en otra dimensión de uso, el pregón de fiestas patronales, al ser su escenario una población gallega y gallego el pregonero, hay que echarlo a andar a lomos de la lengua "nai", y tanto por devoción como casi por obligación. Es una manera de reafirmar nuestra condición de comunidad bilingüe.

Y lo que ahora digo es que he nacido, por primera vez, en Allariz, hermosa villa de muy buena gente, donde he asimilado veinticinco años de su medio, recordando en este instante la definición que de patria da Ganivet en su Ideario ("la cantidad de medio que asimilamos de pequeños y que forma parte integrante de nuestro ser físico y casi de todo nuestro ser psicológico"). Pero tengo que significar con todo el alma que en Monforte vengo asimilando medio igual desde hace cerca de sesenta años. Es decir, que mi apego geográfico lo tengo repartido entre Allariz y ese Monforte, de título y talante de ciudad y de habitantes simpáticos y hospitalarios, con singular sentido del humor.

Por añadidura, aquí contraí matrimonio con una guapa moza que había de ser una ideal esposa y madre de los dos hijos que hemos tenido y destenido "si me permitís que saque de la manga el verbo -destener- en atención a lo que tiene de suavizante



para Odubia -mi mujer- y para mi ".

Y una inflexión hago sin más espera: Yo he leído u oído en alguna parte que el hombre es, tanto o más que de donde nace o se hace, de donde yace, con semántica de procreación. Luego soy un monfortino tanto como el que más si el que más lo es muchísimo. O sea que, por segunda vez, he nacido en Monforte, con lo que hago bueno mi pensamiento de que toda patria chica doble o gemela, requiere haber tenido una doble y consecutiva cura.

Benevolencia, pues, para este otro monfortino que en 1994 le han "metido" a pregonero.

Y ya adelante con lo que busca ser pregón. Vamos allá (en galego, claro).

Quedoume grabado no recordo iste insino que acadei no primeiro curso de bacharelato e que non traducirei sobre a marcha -fuxindo do risco de trabucarme- pero si o remoriarei en español. Consiste nunha lei fonética que dice así: "Las leyes que presiden la formación y desenvolvimiento de las palabras, ya en su paso de una lengua a otra ya en su proceso histórico son invariables y se fundan en un certero instinto popular que las va elaborando incoscientemente sin formularlas". E velahí



tendes onde eu aprendín que a verdadeira forxa do galego está no feito de cómo se ven falando o longo da vida de relación. Cando o acostumado uso lle da o ser as verbas, deixas en condicións de recibir-las augas bautismales de incorporación o dicionario que, por tan sinxelo mecanismo, as llixitima para o bon falar en galego. Pero repárese en que si antes non tiveron a consagración do uso popular, non son ben recibidas o voltar e quédanse unecamente para a súa utilización polos eruditos ou innovadores da lingua, solo que a piques de desaparecer polo non uso ou porque nin siquiera cheguen a aparecer, aínda que cumpra decir que hai moitas verbas do empuxe innovador que acaban por entrar no uso do pobo; e, xa se entende, que soamente co paso do tempo, que é o que sempre terá o mando.

O meu galego, quero decir, é o que resulta decantado pola interrelación social e polos libros de escritura galega que poidan chegar ata min e que non se aparten demasiado daquela outra pauta de elaboración inconsciente.

E digo agora que hai vintecinco ou trinta anos, cando o galego escrito non era permitido, sinaléi en castelán que o home ten que sairse as veces de sé mesmo e darse os demais con enteira vontade de compartir contenta e sanamente emocións nas



festas, o que é un xeito de facer solidariedade o pairo do alegre traxín de pasarrúas, concertos musicais nas prazas e avenidas, espectáculos deportivos, certamens, asistencia a sesións de fogo fixo, voador e acuático - sempre todo tocado esmeradamente polo espléndido e tradicional iluminado eléctrico-, discotecas e bailes de sociedade ou asaltos danzarís, acudir, si lle peta, as citas de devoción, tal como a solemne procesión da santa patrona a Virxe de Montserrat a que moitos van, non poucos limitanse soamente a vela pasar e hai bastantes que nin van ni a ven, ou sexa que iso "le es asegún", como decía con humor e sorna Don Vicente Risco cando se demandaba do seu moitísimo saber un si ou un non sobre un punto determinado.

A verdade é que eiquí temos todos fartamente asentado no convencimento que o traballo e máis-lo descanso son manifestacións vitais que casan ben ou, polo menos, que non se levan mal. Hai entrambos unha innegable correlación de contidos: o descanso sin o traballo que o esixa perde todo o sentido, máis o traballo sin a perspectiva ou a esperanza do descanso tórnase en insoportable carga.

Digamos, o paso, que, desde que as festas patronais din por boca das bombas de palenque "eiquí estamos nos" deica a verbena final que sigue a esplendente sesión dos



fogos no río Cabe e que ven a ser, remedando os pamplónicas, o "pobre de min monfortino", todo ten en Monforte a entidade dun bullicioso asueto, sin que lle falte, particularmente nas festas, a nota simpática do estreno de traxes e vestidos feitos sempre o dictado da moda, sobre todo polo lado do sexo compañeiro e adorable -; Oh as mulleres, qué puñeteramente guapas son, todas! - con máis ou menos cantidade de tecido, e que cando e menos danlle moito contento os homes, porque somos unhos pillos.

Pero como non estou dándolle lectura o pregón das festas e si a un pregón un pouco alexado de rutinas e un pouco "sui generis" - ; a qué agora resulta que ascendín de bilingüista a trilingüista?-, déixolle adrede o programa festeiro o seu papel de dar información en punto o lugar e a hora de cada un de tantos e tan variados festexos. A bon seguro que non hai casa en Monforte onde falte o programa de festas que eu, insinando un pouco a orella curialesca, dou por reproducido niste intre. E insistamos no noso, que é botar a calle, como ofrenda as patronais, as galas indumentarias novas, anovadas ou pasadas pola revisión do quitamanchas - "asegún", voltamos a decir-, sen olvidar que os pucheiros teñen que estar sempre a punto de



xerar os festeiros olores de asados, guisos e lambetadas tan propios das coziñas en días de festas patronais; e Monforte, ista nosa entrañable cidade que ostenta pola súa parte a dignidade de anfitrióna, a lucir as millores das súas galas artísticas e naturais, que hoxe por certo hai que quitalas a relucir xa que estamos nas festas de agosto de Monforte. E alá me vou a decir o que poida e sepa dista cidade dos meus amores.

Comenzo: O real das festas ou lugar principal de cita dos máis sobresaintes festexos é, como non, O Campo da Compañía, tan atenta e xuciosamente pavimentado. Alí se encontran as barracas da máis moderna variedade; os lados dos clásicos cabaliños e tómbolas corren e chocan os coches eléctricos e teñen lugar pola noite de cada un dos días de festa unhas verbenas chamativamente concurridas, actuacións de coñecidas orquestas, coros de canto e danza, gaitas galegas e, polo día, nas prazas e rúas, concertos de selecta música o cargo de distinguidas bandas. E tanto en festas como antes e despois delas, alí están tamén as zonas axirdiñadas, colmando escolleita e coidadosamente todo lo que sexan cercanías do Colexio dos Escolapios. Baste decir que, o que antes foi céntrico e espacioso campo da feira, é agora



xardin de irreprochable feitura. Plantacións, céspedes e floracións están sempre a punto de cambio con suxección o condicionamento climático. Tamén as árbores gozan de adecuadas mudanzas o compás dos mandos da cada tempo. E todo iso é consecuencia lóxica e empeñadamente perseguida por un bon gusto que por ahí está bulindo sin desmaio. Ben, moi ben pola Concexalía de Parques e Xardíns ou pola que teña o seu cargo tan importante atendimento.

¡Ah! Pero o que no Campo da Compañía radica, como conscente da gran cantidade de arte que garda e como acaparadora de tódalas atencións que se lle aproximen é o Colexio da Nosa Señora da Antiga, comúnmente nomeado Colexio da Compañía ou Os Escolapios, edificación de singular beleza e de liña arquitectónica imprecisable ou imprecisada, non faltando quen sin base seria ou medianamente razonable a califique de herreriana e que ata chegue a sobrenomeala "Escorial Gallego". Xa se sabe que Juan de Herrera foi un gran xeómetra pero un mediocre arquitecto e quizáis por eso ocorra que habendo sido un gran dominador de espazos non fora tan bóo maxinante de fachadas. Posiblemente ó indicar Unamuno no seu libro "ANDANZAS Y VISIONES ESPAÑOLAS" que a Octava Maravilla -asi recorda Unamuno o



Escorial- debería vela todo español españolizante, "ya sea para bendecirla o para execrarla", está entreabrindo unha porta para que válidamente se poida decir que, en canto a bendicións, ten dabondo coas que lle votaron no seu momento, estando os expertos en arte para execrala si iso estivera indicado, non os que, como o pregoeiro que soamente lle é dado furgar no tema co escalpelo do sentido común, decindo que, si característica do Escorial é a súa nudez arquitectónica exterior e o Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte resulta ser notoriamente unha expresión de riqueza artística, o noso Colexio da Compañía no aspecto arquitectónico nada ten que ver co Escorial, cuxo Mosteiro é categoricamente unha maravilla nacional de incomparable grandiosidade, o que non quita que do Colexio da Compañía de Monforte poidamos decir que a súa guapeza propia hai que añadir-lle o mérito de ser única no seu estilo.

E a mención que disa riqueza artística de Monforte acabo de facer, máis que sinalar unha gala, é apuntar todo un galón en semántica de aumentativo e non castrense ou de distintivo militar. Vamos: unha supergala.



Co gallo do dito salño que non se pase de largo pola dependencia do Colexio na que están para recreo contemplativo de todos -dentro do correspondente horario, claro- os dous Grecos, os cinco Sartos e varios escritos incunables; todo elo, máis que museado, atesorado.

Visítese indispensablemente o interior da igrexa, onde se nos vai enseguida a vista a gran cúpula central de dez ou once metros de diámetro, que recolle con avidez unha enorme cantidade de luz que remite imparablemente a aquela orfebrería en madeira, de Francisco de Moure, que é o Altar Maior. Sin deixar de mirar nunha capeliña do lado do Evanxelio a copia da Adoración dos Reyes Magos, de Van der Goes. Si; é unha gran mágoa que a tabla orixinal se fora para Alemania no ano 1910. O Monforte de hoxe non o houbera permitido de ningunha maneira. Fóise para alá por unha presa de cadelas e unha copia nada mala, polo visto. Pero non se pode gozar da presenza dunha pintura -isto non o entenderon entón- sin un esforzo conscente de aproximación, sobre todo, si se ten en conta que o pintor, antes de crear un cuadro, empápase de modelo ou de biografías ou haxiografías ou de documentación propiciatoria, e disa situación anímica tan intencionadamente procurada salta o



misterio da arte; a creación pensada e quizáis moitas veces soñada.

Non é, pois, o mesmo contemplar un cuadro ou tabla orixinal que unha copia. No que se poidería chamar a tarefa do empapamento - que tanto partidario ten no mundo artístico xaponés, por exemplo- o que o artista quere é alcanzar a máxima identidade posible de modelo ata advertir que xa pode poñer toda a alma na creación. Por iso, cando o artista crea, o que está facendo é trasladar anacos de se mesmo o cuadro ou a tabla. Polo que non é igual poñerse ante u orixinal, que ante unha copia. Un orixinal contéplase e emociona; a copia vese, aínda que sexa con certa calma que é no que consiste o mirar.

(Abro aquí un paréntesis para apuntar que ó saír do Colexio poiden comprobar que neste ano quedámonos sin feira de mostras. O espacio no que se aposentaba, aparecía valeiro, noustante ir ganando cada ano máis prestixio a feira, posto que con isa mesma periodicidade aumentaba a concurrencia, e iso constitúe un lamentable descosido na textura das patronais que está reclamando ser reparado do xeito que nas próximas a feira funcione no mesmo punto, se non se dispón doutra area máis grande).



Quero decir agora que a poucos pasos do Colexio da Compañía hai unhas obras en marcha -por certo que lenta- que parecen ir para parque. Seguramente que a cousa suscitará polémicas e comentarios. Pero o pregoeiro non ven a rastrear defectos, nin a loar virtudes, por pertenceren iso o mundo da especulación. Seguimos adiante, polo tanto, insinando galas onde as encontremos, e toca plantarnos na Ponte Nova.

Trátase do máis preciso mirador para solaz da visión do tramo de río Cabe que se comprende entre o Recanto -o Recanto, onde eu saltei e nadéi tantasa veces cando era novo- que vai, decía desde o Recanto a Acea Nova, a cuia altura comenza a armarse un precioso e atenuado meandro que chorrea lindeza. Nise tramo móstrásenos o Cabe como obsequioso inventor de sosegada e cautivadora paixase. Bendito sexa, en particular, ise tan impar treito fluvial, pero qué door que non se vaia por quén corresponda a corrección das dúas balconadas tan terminante e terminalmente corroidas pola carbonatación do formigón armado. Dicen que a resistencia da parte destinada á circulación rodada non ten duda. O que non xustifica que as balconadas que fan de petriles se encontren en inminente ruína, con grave risco para os confiados peatóns. Pero ¡é que a colocación siquiera dunhos balcóns



metálicos adecuados esteticamente o sitio -no mesmo centro da cidade- non vale a pena?. Precaucións a tempo, hai que decilo, e non lamentacións fora de hora. En alguén ten que residir para o caso a oportuna competencia. Pois que se note, que se note...

E da Ponte Nova saímos coa nosa andaina ata o Convento das Clarisas, o que se chega tras u obrigado paso polo Campo de San Antonio, unha praza con certos rasgos que recordarían as que soen verse por Castela, se non fora porque no dito Campo érguese aparatosamente a presenza respectable da escultura tan xenuina dos canteiros galegos: Un Cruceiro daqueles que fixeran decir a Castelao: "Onde hai un Cruceiro houbo sempre un pecado, e cada Cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do ceo".

Chegamos neste intre, a poucos pasos de dar co final do noso itinerario de galas, o Convento das Clarisas que comprende o Museo Sacro, un dos tres máis importantes de España. Poiden verse nil sorprendentes relicarios, interesantes bordados, imaxes de moi notorio interés, entre as que destaca o Cristo yacente de Gregorio Fernández, si é que non se apaga a discordia de apelidos - ¡Fernández?



¿Hernández? - desplazando o Fernández. En Monforte decimos sempre, probablemente con toda razón, que o Cristo yacente é do galego Gregorio Fernández, e tamén o que se dice fora de Monforte.

Tiñamos eiquí un Cicerone de luxo que todo o sabía dos Museos de Monforte e do que está fora dos Museos, con tal que tivera un mínimo valor histórico para Monforte -Cárcere Vella, Barrio Xudío, San Vicente do Pino...- Nada quedaba a marxe da súa pesquisa, do seu estudio, da súa memoria de inquieto cronista oficial de Monforte. Estaba permanentemente ás ordes de canto importaba o seu pobo, é dicir, o noso pobo de Monforte de Lemos, onde el había nacido. Perdimolo para sempre; nunca u olvidaremos. Era Chicho Balado, cuxo pasamente hai poucos meses abriu fonda ferida en todo-los seus conveciños, o que presupón dicir en todo-los seu amigos, porque era amigo de todos. Vaia nistas datas tan monfortinas o entrañable recordo de Monforte para Chicho. E para a súa dona e os tres fillos a cariñosa adhesión de cantos tivemos a sorte de tratalo e de quere-lo.

E enlazando co Museo Sacro, en orden de ubicación, achegámonos a Ponte Vella que é tamén Ponte Bella -con b- de elegante traza, pero non de estilo definido, por



moito que se parezca ó románico polos seus arcos de medio punto e polos contrafortes.

Según información que casualmente podemos recoller, na construción da ponte houbo un parón que a mantivo detida durante moitos anos, ata que alá polos finais do século XVI un canteiro-constructor de Sarria recibeu dos Condes de Lemos a encomenda de ultimala. Resulta evidente entón que non se pode falar de ponte románica por non haber maneira de encuadrala nos séculos XI a XIII. Pero, como se dice na obra de Carlos Flores, *ARQUITECTURA POPULAR ESPAÑOLA* -tomo 1º páxina 26, "Los errores o fallos estáticos que, desde un punto de vista culto, puede ofrecer la arquitectura popular casi siempre suponen la exteriorización de un planteamiento sencillo o ingenuo con que tal actividad fue acometida por sus creadores. Ocorre entonces que tales errores en lugar de constituir un aspecto negativo dentro de la obra llegan incluso a aumentar su atractivo". O canteiro aquí parece ser que se chamaba Pedro Ramberde e sin dúbida ven de ahí a razón de que a calle que arranca da Ponte se chame desde sempre e para sempre -arrollando toda pretensión de nomeala doutra maneira- calle de Ramberde. Compõeña cinco



arcos de medio punto, pero a corrente fluvial ten de sobra cos tres centrais. Certamente que os dous laterais na actualidade cumpren soamente función estética, o que obriga a pensar que antes -hai moitísimos anos- pasaba tamén a auga baixo íles o que non foi óbice para que as ribeiras do río pasaran a incrementar as heredades confinantes.

O caso é que a Ponte Vella, con notoria carga de preocupación arquitectónica e a súa galanura, máis de artesanía que de arte, tiña que vir eiquí a conto. Aparte de merecelo polo servizo de utilidade que presta o tránsito peatonal e rodado que desde hai moitos anos ten ise destino. Por outra banda, pasear polo Malecón-recentemente remozado- cara a Ponte Vella, é bío momento para atoparse coa ilusión óptica de que, cal o xogo do gato e maillo rato, contrafortes a arbres da veira do río se divirten en persecución mutua. Unha curiosidade para calquer cazador de gracias naturais.

Pouco máis alá de onde nos encontramos, aínda que moi cerca, agárdanos a Plaza de España, e millor sería dar coela vindo polo Cardenal estreito. E a praza das escalinatas airosamente dispostas; a do coqueto gracexo e atractivo únicos. Hai que



vela con certa calma, porque esconde unha rara mensaxe de encanto; singularmente, cando a circulación de vehicalos descansa.

Eu quixera vivir na Praza de España.

Ascendamos, por último, no noso deambular rueiro e un pouco arbitrario, ó Mosteiro de San Vicente do Pino, teito da cidade, pero vaiaamos polo camiño vello, que é o de antes - o novo é o da Florida-. Así poidemos saúdar ó paso a Porta da Alcazaba e dirixirllle unha mirada de fervor histórico ó Barrio Xudeo. Nos quixeramos evitar o que de momento é inevitable: as ruinosas casas da costa de San Vicente que tanto mancan a vista, que tanta carga de senilidade arquitectónica comportan e que tanto parecen méndegos da piqueta. Estou seguro de que si Unamuno as houbera visto antes do seu recorrido polas Hurdes, a bon seguro que anticiparía aquela unamunesca afirmación: "son muriendas y no viviendas", e tal vez diría algo parecido o que iste pregoeiro se lle escapa agora, ou sexa que son casas soamente aptas para ser abatidas, como si se tratara de enemigos públicos, porque están tapando ademáis, como a traición, un amurallado que chama a berros ser liberado de semexante roupaxe, poñendo o aire unhas murallas de respectable antigüidade e nada



exentas de interés arqueolóxico.

Que a Dirección Xeral de Belas Artes ou o Organismo adecuado ó que lle corresponda aplícala-lo remedio, nos valga.

E fagamos, ó filo do punto final, un breve e derradeiro alto na cima da paraxe tan ben atendida que hasta conta cunha rampa lateral estupendamente axardinada e nomeada: Parque de López Suárez.

Esa cima que digo é o millor belvedere para otear Monforte e casi a totalidade do valle. Desde esa cume de san Vicente dominase a ampla zona da comarca na que houbo un regadío feito de presa e correndo, sin reparar en que era construción que xa viña urxida de moitos anos atrás, pero con arreglo a todos los axustes legais e tecnolóxicos. Isto é que lexos de desouvir a lexislación de Concentración Parcelaria, a do Suelo e, en fin, todas as que sexan mester -sin inadvertir as posibilidades legais de crear mancomunidades de usuarios da auga- habrán de ser cacheadas de tal xeito que a obra quede por todos los costados en pé e exemplificadora do que ten que ser e que antes non foi. Tamén en Roma os impostos empezaron por non existir e mirade a que se armou co paso dos séculos: Un corpo



Lexislativo fiscal, forte, e cotidianamente anovado que é irremplazable guardián do Interese Xeral. Pois a cousa cabe ser extrapolada ó problema do regadío do val de Lemos. Tamén empezou por non habelo, pero surxiu un día. Outra cousa é que con irregularidades no aproveitamento da auga e taras de construción que practicamente foi como senón surxira. Pero parece que agora se está poñendo en camiño de organizala como é debido e todos témo-la esperanza de que chegaremos a tan capital millora da economía monfortina. Que veña logo e ben axustada as esixencias legais -Lei de Concentración Parcelaria, Lei do Sío, mancomunidades legais de usuarios do regadío, sin que falten os amparos coercitivos legais, sistemas tecnolóxicos de aplicación, etc. Coise encauzamento alcanzarase en data máis ou menos próxima, pero fixa, o acontecemento de que a riqueza potencial do Val de Lemos se trocou en real e efectiva coa posta a punto do regadío. E o interés local e comarcal de Monforte é parte integrante do público, ¿ou non?

Polo demais, a reanimación do Polígono industrial, así como o resurximento comercial e ferroviario irán recuperándose; incluso se verán probablemente inauguracións de industrias, turradas pola posta en marcha do Regadío de Lemos, como derivación



congruente e natural do mesmo.

E na correcta e pronta acción do Regadío tamén hai gala.

Mentres, a bailar e a divertirse, a disfrutar da variedade de atraccións, a escoitar concertos, a non perder verbenas. Non olvidemos que estamos en horas de festas patronais. No traballo teñemos que ser traballadores responsables e nos xolgorios pasémolo ben tódolo humanamente posible. O traballo ha de ser feito a conciencia e con amor; de igual maneira o descanso e o divertimento han de ser desenvolvidos a conciencia e con todo o sentido de amizade e compañerismo. Estamos nas festas de agosto; hai que decir, pois: todo o mundo as festas que ahí están agardando por nos.

E agora mesmo remato. Moitas gracias.